

UN ASUNTO DE FAMILIA

[Hirokazu Koreeda, 2018]

467

ESTREA EN NUMAX: 21.12.2018 | V.O.S.E. | +12

Manbiki kazoku (2018, 121')

Dirección: Hirokazu Koreeda

Guión: Hirokazu Koreeda

Elenco: Kirin Kiki, Sôsuke Ikematsu, Lily Franky, Moemi Katayama, Sakura Ando, Mayu Matsuoka

Montaxe: Hirokazu Koreeda

Dirección de arte: Mehdi Taleghani

Vestuario: Kazuko Kurosawa

Son: Kazuhiko Tomita

Música: Kei Sato

Fotografía: Ryuto Kondo

Produtora: AOI Promotion, Fuji TV, Gaga Communications Inc (Xapón)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Palma de Ouro ao Mellor Filme), San Sebastián 2018 (Premio Donostia), Denver 2018 (Mellor Filme), Munich 2018 (Mellor Filme), Oslo 2018 (Premio do Público), Oscar 2019 (Seleccionada por Xapón), Globos de Ouro 2019 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El tercer asesinato, 2017

Después de la tormenta, 2016

Nuestra hermana pequeña, 2015

De tal padre, tal hijo, 2013

Kiseki (Milagro), 2011

Air Doll (Muñeca de aire), 2009

Still Walking / Caminando, 2008

Nadie sabe, 2004

SINOPSE

Tras un dos seus habituais roubos, Osamu e o seu fillo atopan unha nena na rúa, morta de frío. Ao comezo a muller de Osamu non quere que fique con eles pero remata apiadándose dela. A pesar de sobreviviren con dificultades grazas a pequenos furtos, a familia é feliz, até que un incidente imprevisto revela un segredo que pon a proba os lazos que os unen.

“Un filme feito para roubar e conquistar corazóns”

Tim Robey, TELEGRAPH



“A importancia (ou non) dos vínculos sanguíneos”

★★★★★

Por Beatriz Martínez

Nos últimos anos, parte dos filmes de Hirokazu Koreeda xiraron arredor da idea de familia, a importancia (ou non) dos vínculos sanguíneos e as relacións humanas. Porén, o director parecía estancado nunha zona de confort benintencionado de máis e botábase de menos a súa capacidade para analizar algúns temas sensíbeis sempre presentes nas súas obras.

Un asunto de familia podería considerarse como un resumo de todas as súas obsesións, pero é moito máis ca iso, é unha obra que demostra, por se algunha vez houbo algunha dúbida, a súa magnitude como cineasta. A súa cámara introdúcenos no día a día dunha atípica familia que vive da picaresca e o engaño. Faino de maneira calma, observando a intimidade deste grupúsculo de seres azoutados pola miseria, até que unha sensación de estrañeza se apodera do relato. Será entón cando toda a ambigüidade acumulada estoupe, as máscaras das aparencias desaparezan e se abra un terceiro acto dunha complexidade moral que moi poucos directores son quen de acadar.

Publicado en www.fotogramas.es

“A principal emoción que sentín facendo o filme foi a ira”

Entrevista con Hirokazu Koreeda

Decidiu facer este filme cando se enterou de que algunhas familias seguían a cobrar a pensión de seus pais logo de que estes falecesen. Tiña a intención de describir unha familia desde unha perspectiva diferente se a comparamos cos seus anteriores filmes? O primeiro que me veu á mente foi a frase: «Só nos unían os delitos». En Xapón castígase con gran severidade o cobro fraudulento dunha pensión, ou aos pais que ensinan aos seus fillos a roubar en tendas. Paréceme ben que se castiguen eses delitos, mais non entendo que a xente dea tanta importancia a infraccións menores cando se cometen delitos moito máis graves que non se condean. Despois do tremor de terra de 2011, empecei a sentirme incómodo coa constante repetición de que os lazos familiares son importantes. Pensei que sería interesante explorar unha familia unida por outra cousa, o delito neste caso.

O vínculo que os une é o tema central ao que se engaden máis elementos. Pode falarnos diso? Comecei a pensar nos acontecementos da historia e en que elementos podían examinarse en profundidade unha vez feito o reparto. Iso explica o feito de que o filme inclúa os diversos temas sobre os que reflexionei e explorei nos últimos dez anos. É a historia dun home que quere ser pai e tamén a dun neno que deixa atrás a infancia.

Trátase dunha familia con moi poucos recursos que nos lembra a *Nadie sabe* (2004). Que nos pode dicir do parecido con *Un asunto de familia*? É posíbel que se pareza a *Nadie sabe* porque tamén explora a esas familias castigadas que aparecen regularmente nas noticias locais. Non era a miña intención limitarme a describir a unha familia pobre, nin sequera os estratos sociais máis baixos. Gústame pensar que a familia acabou reuníndose nesa casa para non desintegrarse. Quería alumar unha familia desde outra perspectiva.

As escenas en que vemos separarse a familia son desgarradoras. Había tempo que non demostraba tan claramente a súa oposición á inxustiza social. É verdade, quizais non me tiña pasado desde *Nadie sabe*. Pode afirmar que a emoción principal que sentía, mentres facía o filme, era a ira. Deste *Still Walking* (2008) esfoiceime en escarbar cada vez máis profundamente en temas persoais. Pero unha vez rematada *Después de la tormenta* (2016), decidín poñer fin a esta busca, ter unha perspectiva moi reducida da sociedade, unha visión realmente minimalista.

Que o empurrou a querer traballar co director de fotografía Ryuto Kondo? Sempre quixen traballar con Kondo porque está entre os mellores da industria cinematográfica xaponesa actual. Ademais, ten unha perspectiva moi parecida á dun realizador, é quen de interpretar a historia e os personaxes. Pareceume o equilibrio perfecto que me permitía dedicarme máis á dirección de actores sen ter que estar tan pendente da iluminación e da fotografía.

Publicado en www.golem.es

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



4€
Faite NUMAX!



**Abónate
agora e ven
sempre por**